

Mónica Bar Cendón e Nanina Santos Castroviejo

O feminismo galego e a historia por facer

O feminismo xurdiu en Galicia como bandeira uniforme mais non tardou moito en revelarse a distinta natureza dos fíos que compuñan a trama: o feminismo da igualdade e o da diferenza, as feministas independentes e as ligadas a partidos. O resultado, a quebra da Asociación Galega da Muller, en 1978, e a creación da FIGA. Tensións do pasado que explican as do presente, as que queiman nesta conversa entre Mónica Bar, que enceta historia con *Feministas galegas. Claves dunha revolución en marcha* (Xerais, 2010), presentada nos arredores do pasado 8 de marzo, e Nanina Santos, activista do movemento dende os inicios. // Belén Puñal / Fotografía: Mario Llorca

Nanina Santos Castroviejo: Nas primeiras páxinas dis que concibes o libro como unha introdución á historia do feminismo galego pero sen botar man da metodoloxía tradicional. Cales eran os teus obxectivos?

Mónica Bar Cendón: Quixen desvelar esa historia oculta do feminismo, oculta pola historia oficial e incluso dende o propio movemento. Nas entrevistas que fixen comprobei que as mulleres que participaron da historia do feminismo en Galicia non lle daban importancia. E isto obsérvase mesmo nas dificultades que existen á hora de compilar documentos, a miúdo sen asinar, sen indicacións da data ou do lugar en que foron feitos...

N.S.C.: Iso pasa con todo movemento social e político, e nace da idea de inmediatez, de considerar a loita non con pretensión de pasar á historia senón para lograr determinadas metas.

M.B.C.: Quixen desvelar os feitos das mulleres dende un punto de vista de xénero, facer protagonistas ás mulleres que, a prol dun protagonismo colectivo, non quixeron selo. Na historia convencional as mulleres nunca están. E as feministas estiveron en moitas loitas relacionadas coa historia de Galicia: nas Encrobas, en Xove... Estaba lonxe o meu interese de facer unha historia pechada. Este é só un primeiro paso.

ProTexta: Mais a túa intención é facer historia ou crónica?

M.B.C.: Pensei que eran moi importantes as testemuñas vitais, a intrahistoria, e iso non entra dentro dunha historia convencional. Interesábame contrapoñer diversos puntos de vista, porque os hai dentro do feminismo, independentemente do meu punto de vista como autora.

P.: Pero, se non hai artellado un discurso histórico, un esqueleto inicial que fixe os feitos, non é difícil historiar a partir da intrahistoria?

M.B.C.: Pero cal é o discurso histórico das mulleres?

N.S.C.: Ao non estar fixada unha certa columna vertebral e empezar pola memoria, que é caprichosa, indúcense e dedúcense erros notables respecto a feitos datados e documentados.

M.B.C.: Tiven que rastrexar no baleiro. Está todo disperso. Nin sequera existe un arquivo feminista.

N.S.C.: A comisión de Igualdade do Consello da Cultura ten esa pretensión, pero non conta con fondos. Mais hai cousas feitas sobre historia do feminismo en Galicia. Nas xornadas feministas do ano 84 xa se presentara unha comunicación ao respecto. N'A Festa da Palabra Silenciada e en Andaina hai moitísimas.

M.B.C.: Lin todos os números de Andaina. Pero a parte deses datos, como fas esa historia? Quen apunta que datos son relevantes?

N.S.C.: Historiar significa escoller. Fas unha selección porque queres facer algo determinado. Fas o libro que queres facer.

M.B.C.: Ou o libro posible. Non estou subvencionada por ningunha universidade. Foron tres anos de percorrer Galicia pola miña conta. O libro foi creando o seu propio método. Preguntábadesme se se trata dunha crónica. Pois non, non podo dicir que estea pechado nun xénero. Houbo dúbidas á hora de incluílo na colección Crónica de Xerais, e a editorial decidiu facelo porque considerou que se axustaba máis a unha crónica que a unha historia convencional. Pareceume ben, porque eu pretendía tamén que fose un libro de divulgación.

N.S.C.: O principal mérito do libro é o libro mesmo, o traballo teu que ten detrás. Tes un traballo feito sobre o que poder avanzar, porque o coñecemento avanza sobre a base da crítica, do apoio.

M.B.C.: Só faltaría que de marxismo houbera un libro.

N.S.C.: Mais é un libro moi tendencioso no sentido etimolóxico da palabra. Teño moitos datos, téñoos lido e estudado. Se non interesa, aforramos a conversa... É tendencioso no sentido de que hai diverxencias entre o título e o que se desenvolve no interior. O libro trata de modo inxusto a Asociación Galega da Muller (AGM) e a Andaina. Dise que nos comezos AGM é unha asociación plural que reúne mulleres de esquerdas, até que a toma o MCG (Movemento Comunista Galego) e se volve un exemplo de organización feminista mutante. [páx. 74]

M.B.C.: Dise que, no principio, AGM é mutante. Comeza sendo unha asociación feminista diversa...

N.S.C.: Deixas escrito que “un fenómeno de asociación mutante é o caso da AGM, que nace como encontro de feministas de todos os sectores de esquerdas. Nunha segunda etapa seguirá as directrices de mulleres do MCG (...)”. Non estou de acordo.

M.B.C.: Como que non? Todo o mundo o di.

N.S.C.: Eu era dirixente do MCG, e diso sei bastante.

M.B.C.: Entón sabes que AGM caeu nas vosas mans. E non digo que fose negativo.

N.S.C.: Nego a maior. Prosegues: “(...) ata que a partir dos 1990, [a AGM] se alia co nacionalismo galego, en sintonía co BNG”. Isto non responde á realidade. Dende logo, non como AGM Santiago. Ti queres facer o libro das feministas FIGA [Feministas Independentes Galegas], aínda que o estendes un pouco máis e lle dás un papel excesivamente privilexiado ao MDM [Movemento Democrático de Mulleres, próximo ao Partido Comunista]. En AGM fomos quizais inxustas co MDM. Pero unha cousa son os papeis e outra a práctica do MDM. Por que xorde senón AGM? Porque non se sente que o MDM cuestione radicalmente o papel establecido para os homes e as mulleres.

M.B.C.: Poño o MDM dentro do protofeminismo. Pero o feminismo non todo foi revolucionario como AGM. Houbo moitas controversias que foron unha pena. E dóeme que as asociacións se rompan por enfrontamentos como o que acabamos de ter ti e mais eu. Así non se constrúe esta loita política. Hai que seguir falando. Dixéchelo cando te entrevistei para o libro: ao mellor teríamos que ter buscado lugares de encontro, non de fricción.

N.S.C.: Ti colócaste nunha tendencia. Tanto na maneira de tratar a FIGA, pois onde hai cariño as cousas resultan doutra maneira, como na abordaxe de temas importantes para o feminismo como a prostitución ou a violencia. Canto á prostitución, enuncias que hai tres posturas pero só falas da abolicionista. No que á violencia se refire, semella que hai unha posición unívoca no feminismo. É moi difícil facer unha historia un pouco obxectiva estando colocada na cerna. Se fas crónica é distinto, mais nese caso a cronista non opina. Ti mesturas información con opinión.

M.B.C.: Si, en moitos temas, e deixo claro que é unha postura persoal. Na historia oficial hai sempre un punto



Nanina Santos, á esquerda, e Mónica Bar

de vista, aínda que o historiador ou historiadora non apareza. Son moi honesta nese sentido. Con respecto á FIGA, formo parte dela pero non son histórica e fun crítica con moitas das súas posturas.

N.S.C.: Non me parece mal que sexa un libro de tendencia, porque a historia reúnese facendo fragmentos, e isto é un fragmento. Porén, faltouche a valentía de dicilo.

M.B.C.: Púxenme en moitos lugares. Entendín posturas de mulleres do MC que non entendía. Porque a min podía-me poñer moi nerviosa a apatía de certas independentes que parecía que o único que querían era mirar para o embigo. O ideal sería chegar a un termo medio, debater, cuestionarnos cousas e logo ao mesmo tempo saír coa pancarta. Pero o problema do feminismo é que tiñamos e temos que facer de todo.

N.S.C.: É un libro moi prexuízoso cos partidos. Un dato que non se dá: non hai ningún partido,

nin aquí nin en Europa, que se aproxime á estrutura autónoma de mulleres do MCG, a non ser, en certo modo, Lotta Continua en Italia.

M.B.C.: E dígoos

N.S.C.: Non o citas. Fas referencia ás “feministas” e ás “dobre militantes”. Non son feministas as dobre militantes?

P.: Dese primeiro momento do feminismo en Galicia, que debemos aprender?

N.S.C.: Temos indubidables puntos en común sobre a historia pero tamén discrepancias. Estou bastante de acordo coas conclusións do libro, razoablemente de acordo coa introdución e bastante en desacordo con todo o demais. Queres darlle voz, Mónica, a mulleres que non foron necesariamente relevantes, e iso paréceme valioso. Mais eses testemuños hai que contrastalos. Entón, aprender é difícil.

Deses primeiros anos do feminismo en Galicia, ese darlle voz ás mulleres e construílas

como suxeito social paréceme valiosísimo. Algo tamén valioso, que creo que si pretendes, é loitar porque non nos arrebatan as cousas. Hai quen escribe a historia, tamén do feminismo, ocultando o papel do movemento. Tamén se pode aprender por negativa. Nos comezos, moitas mulleres tiñamos a sensación de estarmos unidas por unha especie de pacto de sangue, de que non había diferenzas entre nós. Levamos o gran chasco cando descubrimos que hai diferenzas ideolóxicas, éticas, morais...

M.B.C.: Mesmo de estratexia.

N.S.C.: Esa aprendizaxe, que fixemos no 78-79, segue vixente, mais estase esquecendo. A Marcha Mundial das Mulleres reúne moitas cousas pero hai moitas discrepancias: no enfoque da violencia, da prostitución, na maneira de entender o xénero... É ben saber que temos diferenzas ideolóxicas e que, aínda así, podemos facer cousas xuntas. Dende ese punto de vista, o libro resúltame decepcionante. Non entras nos debates ideolóxicos.

M.B.C.: A historia do feminismo é ruptura e de novo fusión porque somos conscientes da necesidade de que ese pacto de sangue se manteña. E non é doado, porque a medida que imos avanzando, avanzamos tamén en teoría, ideoloxía, tendencias, estratexias...

N.S.C.: O feminismo diversificouse moito e iso está ben. Mais tamén se institucionalizou e prendeu moito na idea de igualdade. Perdeuse aquela vella idea de liberdade, que fica nun segundo lugar. Falamos só de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes? Ou tamén debemos falar de igualdade entre todas as mulleres?

M.B.C.: Sería apócope de igualdade de dereitos. A igualdade é determinante para poder esixir os nosos dereitos.

N.S.C.: Estou de acordo. Pero limítase en exceso a actividade feminista á igualdade e redúcese o que se demanda como igualdade. Quero insistir na liberdade como capacidade das mulleres para tomar as súas decisións.

M.B.C.: Se estás criada nunha sociedade que discrimina a muller, que a oculta baixo teas, chadors e burkas, non vas escoller outra realidade porque non forma parte da túa cultura.

N.S.C.: É un territorio filosoficamente esvaradío. De aí a xente que se considera con máis capacidade para decidir sobre a liberdade dos individuos que os individuos mesmos. Iso levou a sectores do feminismo a escoller por outras mulleres, en ámbitos como a postura a prol da abolición da prostitución, ou á hora de decidir que as mulleres maltratadas teñen que denunciar. Terán que denunciar se queren!

M.B.C.: Ti sabes da alienación que sofren as mulleres maltratadas.

N.S.C.: Todos os seres humanos estamos, en certo modo, alienados. Pero o dos salvadores, o das salvadoras, é un terreo moi perigoso.